



# CORGA DE FECHA


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 3 km (lineal)

**Dificultade:** alta (o último tramo)

**Duración:** 3 horas



Unha ruta no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, no concello de Lobios, que combina arte e historia co ascenso á máis espectacular ferverza do Xurés.

O regato da Fecha, afluente do río Caldo pola dereita, cae en varios saltos cun total de 200 m de altura en rochas graníticas rodeadas de erbedos. Nas proximidades están os restos da vila termal de Lobios.

## COMO CHEGAR:

Desde Riocaldo cóllese un camiño que conecta co trazado da antiga Vía Romana. Tamén se pode iniciar a ruta nos miliarios romanos, na estrada de Lobios a Portela do Homen.

Pódese continuar a ruta conectando coa da Cabaniña do Curro e visitar as chivanas, antigos refuxios de pastores..

